



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 14)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e un de abril de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten as señoras deputadas dona M^a. del Pilar García Porto e dona Mayra García Bermúdez e os señores deputados don Roberto Fernández Rico e don José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de abril de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN 4X4 CON CAIXA BASCULANTE PARA TERRA E CUÑA QUITANEVES PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ASÍ COMO A RETIRADA DO VEHÍCULO (IVECO MP190E30W MATRÍCULA LU-7163-S).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dun dun camión 4x4 con caixa basculante para terra e cuña quitaneves para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000029, consta no mesmo:



1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OUQLSD5V7RSOSCNIEI27M41.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil en funcións, con CSV: IV7OUT7TFIB6ZFFZYDQHCRYQKM 4.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OUXZIHRSO7BOLWQUT6F2X7Y.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7OWD23NNH5WXP7Y5NFOHYQ6L.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7OWDZDDZX6R7MSSVOVAV27B4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dun dun camión 4x4 con caixa basculante para terra e cuña quitaneves para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada do vehículo (Iveco MP190E30W matrícula LU-7163-S), cun prazo máximo de entrega de 5 meses desde a formalización do contrato.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

1Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 167.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 35.070,00 €, o que fai un total de 202.070,00 €. O importe mínimo a entregar polo vehículo usado ascende a 4.000 euros (importe exento de IVE). Existe consignación orzamentaria no orzamento de gastos do 2023, segundo consta no informe de consignación da Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 6.000 EXEMPLARES DA SEGUNDA EDICIÓN DO LIBRO GUÍA “OS BOLECHAS, DA ESCOLA Á GRANXA” E UNHA UNIDADE DA VERSIÓN DIXITAL CON LOCUCIÓN, EDITADO POR EDICIONES BOLANDA S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de 6.000 exemplares da segunda edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa” e unha unidade da versión dixital con locución da publicación”, editado por Ediciones Bolanda S.L., consta no mesmo:



Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7OW2L2ZFYF5ZHOAZNQ4BDC44.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OWDRKBZBMR3UD7X4N547BGA.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7OWDRILQN3VGFSYYPSCPXTEU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OW2INPDZ55WZJSY5NOBRPOU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7OXUHCZJMPXOJOUIMAAUPGD4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7OXUH2ZPVSJT44A4EEGF7QPY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de 6.000 exemplares da segunda edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa” e unha unidade da versión dixital con locución. da publicación”, editado por Ediciones Bolanda S.L.. 2023/CON_02/000034.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2

da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse o convite ao licitador que se indica a continuación: Ediciones Bolanda S.L.. con CIF B15969066, e enderezo de correo electrónico: rcouto@bolanda.es

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 16.392 €, ao que se aplicará un IVE de 943,32 euros (4% ou do 21%, segundo corresponda), o que fai un total de 17.335,32€. O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención con CSV: IV7OW2INPDZ55WZJSY5NOBRPOU.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CICLO PROXECCIÓNS MESTRE MATEO QUE CONSISTE NA PROXECCIÓN DE 4 LONGAMETRAXES E 4 DOCUMENTAIS FINALISTAS DOS XXI PREMIOS MESTRE MATEO, EN 8 CONCELLOS E/OU ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de abril de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BYYA4D5RN3TMPAN6XCEDCEI.
- 2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7B7TTIP3UZ3RP7UAOHMUQPGE.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B7XASHFPSRDMDBRN4MECUCI.



4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BY77TPL543GF4AX55CHQTIU.

5.- Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7BYDJMLHVYLPN54QA5MYHE64.

6.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7BYED2J3UZVTWTUIQC5ZDODY.

7.- Acordo da Xunta de Goberno de data 17 de febreiro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BZQD2PVMJJNP7QB4N5ZIWGA.

8.- Acta da Mesa de Contratación do día 6 de marzo de 2023, con CSV: IV7BEQJ6GD7T3XRJUNUGLY3XB4, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é á Asoc. Academia Galega do Audiovisual.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas matemáticas ou avaliábles de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que a Asoc. Academia Galega do Audiovisual oferta unha baixada no prezo de licitación de 0 %, polo que obtén cero puntos nesta fase, tendo en conta o baremo que consta no PCAP, sendo o seguinte:

“Fase 1. Criterios de adxudicación: (ata un máximo de 70 puntos).

Prezo.

Puntuarase a baixada no prezo da licitación (IVE non engadido) de acordo co seguinte baremo:

Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 10 puntos.

Baixa entre o 5% e o 10% do orzamento base de licitación. 20 puntos.

Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 35 puntos.

Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 70 puntos.

Por tratarse dun procedemento negociado sen publicidade cun único licitador non procede fixar límites para considerar a oferta anormal ou desproporcionada.”

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á Asoc. Academia Galega do Audiovisual. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).”

9. Acta da Mesa de Contratación do día 14 de marzo de 2023, con CSV IV7BEMJ3LIFZ7PUKWBYVBZ2QDY, que acordou o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador non oferta proxeccións nun concello da provincia de Lugo a maiores e sen custe adicional para a Deputación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
Asoc. Academia Galega do Audiovisual.	Fase I Oferta presentada: 29.040 € (IVE ENGADIDO): 0 puntos Fase II. Oferta presentada: NON oferta proxeccións nun concello da provincia de Lugo a maiores e sen custe adicional para a Deputación: 0 puntos TOTAL= Fase I +Fase II: 0 puntos + 0 puntos = 0 puntos

2º.- Requerir á Asoc. Academia Galega do Audiovisual para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
Asoc. Academia Galega do Audiovisual.	1.200,00 €

9. Resolución de Presidencia de 17 de marzo de 2023, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7BGTJIBBZTTDE5CAFVIN7S4Y

10.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 20 de marzo de 2023.

11.-Documentación presentada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual a través da plataforma de contratación do sector público o día 29 de marzo de 2023.

12. Acta da Mesa de Contratación do día 10 de abril de 2023, con CSV IV7OWWRCLQ67KTHY6AF44NQ6IM, que acordou o seguinte:

“Dase conta aos membros da Mesa de Contratación que a Asociación Academia Galega do Audiovisual, unha vez requirida a documentación do art. 150.2 LCSP e relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, presentouna en prazo a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Respecto da documentación, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, detéctase que a Asociación Academia Galega do Audiovisual non acredita a solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente certificado emitido pola Deputación de Lugo de non ter débedas con esta Deputación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir á Asociación Academia Galega do Audiovisual a acreditación da solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional por algún dos medios relacionados no apartado R do cadro resumen do PCAP”.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de abril de 2023, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

En acreditación da solvencia económica, presenta as contas de 2021 con importe de cifra de negocios e patrimonio neto superior ao esixido, así como acta da asemblea xeral pola que se aproban as mesmas e declaración do Presidente da Asociación de que “de acordo co establecido nos artigos 14 e 34 da Lei Orgánica 1/2022, reguladora do Dereito de Asociación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual, a día de hoxe non é unha entidade declarada de utilidade pública, polo que non está obrigada a depositar as súas contas anuais nin no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia nin no Rexistro Mercantil da Coruña”. Incorporase así mesmo correo electrónico do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia informando que a asociación non está declarada de utilidade pública, en resposta á consulta efectuada polo servizo de contratación.



En acreditación da solvencia técnica, presenta declaración indicando o persoal técnico participante no contrato, especialmente os encargados do control de calidade, acompañada dos curriculum vitae, confirmando a xefa da unidade de cultura, vogal membro da mesa de contratación, á adecuación do persoal técnico para a prestación do servizo a contratar.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Asociación Academia Galega do Audiovisual, a contratación do ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes e 4 documentais finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo, expediente nº 2023/CON_02/000011, polo importe de 24.000 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 €, con duración ata o 30 de novembro de 2023.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Asociación Academia Galega do Audiovisual, a contratación do ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes e 4 documentais finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo, expediente nº 2023/CON_02/000011, polo importe de 24.000 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 €, con duración ata o 30 de novembro de 2023.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO OBRIGATORIO DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN, LIÑAS DE MEDIA TENSIÓN E GRUPOS ELECTRÓXENOS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de abril de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa, con CSV: IV7BYSQJAE02534I4AM5AQH7KA².

2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7BYSQJ3EB5R2JJUQPFGRUOI.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BY72DDNFCJJOLAAMXAQPRCM.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7B2TIIZYZO6XFZCQHNB5SUH4.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B2TIMEFM5LOJT4AEN6IIIOGY.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7B2XC6EB46V6FKSRQC4ZDTOL.

7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7B2XQJNPUJYXBLUAGDGBYAC4.

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de febreiro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7B2ABD3AOJZLM563XM4Y2X6A.

9.- Acta da Mesa de Contratación do día 16 de marzo de 2023, con CSV: IV7BFX3NZDVLJOWI4BMRNYIHMQ, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U.
MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, resultando que todas as licitadoras presentan a declaración responsable esixida nos PCAP debidamente cumprimentada e asinada, co que se procede á admisión de todas as propostas.

A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados, acordando a Mesa outorgar as seguintes puntuacións:

	ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U.	MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.	ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U.	MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.
CRITERIOS	OFERTA		VALORACIÓN	
Prezo mantemento programado	11.022,00 €	12.000,00 €	55,00	50,52
Porcentaxe baixa prezos dos materiais	8,00 %	4,38 %	20,00	10,95
Prezo hora man de obra	25,00 €/hora	25,00 €/hora	10,00	10,00
Prezo por garda Pazo dos Deportes	70,00 €/garda	60,00 €/garda	8,57	10,00
Tempo resposta avarías urxentes	2 horas	1 hora	2,50	5,00
CRITERIOS AUTOMÁTICOS			96,07 puntos	86,47 puntos

Unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U.	96,07
2	MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.	86,47

2º.- Requerir á empresa Elecnor Servicios y Proyectos S.A.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación, letra E cadro resumo do PCAP)	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
28.250,00 €	1.412,50 €

10.- Resolución de Presidencia de 22 de marzo de 2023, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7BGGLYNZGCWW3AESEYJVEM.

11.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de marzo de 2023.

12.- Documentación presentada pola empresa, a través da plataforma de contratación do sector público, o día 3 de abril de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de abril de 2023, aos efectos de examinar documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Presenta certificación do rolece de clasificación substitutiva da solvencia económico-financieira e técnica e certificado de seguro de responsabilidade civil que acredita o pago do recibo.

Presenta acta de habilitación para actividade de mantemento de instalacións eléctricas de alta tensión (categoría AT2: instalacións eléctricas de alta tensión sen límite de tensión) que, segundo informa verbalmente na presente sesión o Xefe de negociado do Servizo de Arquitectura, vogal da mesa de contratación, cumpre o requirido no PCAP, de conformidade co Real Decreto 337/2014, de 9 de maio.

Incorporouse ó expediente, verificación de suficiencia (bastanteo de poder) efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificados de cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, carta de pago emitida pola Tesourería da Deputación de Lugo,

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o

íntegra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Elecnor Servicios y Proyectos S.A.U. a contratación do servizo de mantemento obrigatorio dos centros de transformación, liñas de media tensión e grupos electrógenos pertencentes á Deputación provincial de Lugo, expediente nº 2023/CON_02/000012, polo importe máximo de 28.250,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.932,50 €, o que fai un total de 34.182,50 €, con duración de un ano, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos tres anos (1+1+1) e coa seguinte oferta do adxudicatario:

Mantemento programado durante un ano: 11.022,00 €, aos que haberá que engadir 2.314,62 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 13.336,62 €.

Porcentaxe de baixa sobre o prezo dos materiais relacionados no Anexo II do PPT: 8%

Prezo por hora de man de obra de mantemento correctivo ou modificativo: 25,00 euros/hora, sen IVE.

Prezo por garda realizada no Pazo dos Deportes: 70 euros/garda, sen IVE.

Tempo de resposta para avarías urxentes: 2,00 horas.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”

Vista a proposta da mesa, e dado que a contratación conleva dous prestacións, por un lado, un mantemento programado cun prezo fixo e, por outro, un mantemento correctivo ou modificativo con prezos unitarios no que a administración contratante non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento base de licitación, quedando limitado ó gasto real. Polo dito, o contrato debe adxudicarse polo importe global, mais axustando á baixa ofertada polo adxudicatario para a parte de mantemento programado, sendo polo tanto o prezo de adxudicación o importe máximo de 26.722 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.611,62 €, o que fai un total de 32.333,62 €.



Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Elecnor Servicios y Proyectos S.A.U. a contratación do servizo de mantemento obrigatorio dos centros de transformación, liñas de media tensión e grupos electrógenos pertencentes á Deputación provincial de Lugo, expediente nº 2023/CON_02/000012, polo importe máximo de 26.722 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.611,62 €, o que fai un total de 32.333,62 € e coa seguinte oferta do adxudicatario:

Mantemento programado durante un ano: 11.022,00 €, aos que haberá que engadir 2.314,62 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 13.336,62 €.

Porcentaxe de baixa sobre o prezos dos materiais relacionados no Anexo II do PPT: 8%.

Prezo por hora de man de obra de mantemento correctivo ou modificativo: 25,00 euros/hora, sen IVE.

Prezo por garda realizada no Pazo dos Deportes: 70 euros/garda, sen IVE.

Tempo de resposta para avarías urxentes: 2,00 horas.

A distribución por anualidades, tendo en conta que está previsto o inicio do contrato o 1 de maio de 2023, é a seguinte:

MANTEMENTO DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN DO 01/05/23 AO 30/04/24				
CENTRO	ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	D/23-24
PALACIO PROVINCIAL	2023	9200.212	850,14	92023/3551
	2024	9200.212	425,07	92023/192
SANTA MARIA	2023	9200.212	850,14	92023/3552
	2024	9200.212	425,07	92023/193
SAN JOSE (TIC)	2023	3241.212	850,14	92023/3553
	2024	3241.212	425,07	92023/194
PAZO DOS DEPORTES Mantemento	2023	3420.212	1.027,26	92023/3554
	2024	3420.212	513,63	92023/195
PAZO DOS DEPORTES Gardas	2023	3420.212	2.581,33	92023/3555
	2024	3420.212	1.290,67	92023/196
PARQUE MOBIL	2023	9201.212	531,34	92023/3556
	2024	9201.212	265,67	92023/197
GRANXA GAYOSO CASTRO	2023	4120.212	885,56	92023/3557
	2024	4120.212	442,79	92023/198
CENTRO INTERPRETACION RIO RATO	2023	1729.212	850,14	92023/3558
	2024	1729.212	425,07	92023/199
MAZO DE SANTA COMBA	2023	1729.212	1.098,10	92023/3559
	2024	1729.212	549,05	92023/200
CLUB NAUTICO DE AUGASMESTAS	2023	9330.212	1.098,10	92023/3560
	2024	9330.212	549,05	92023/201
CLUB NAUTICO DE DOADE	2023	4321.212	850,14	92023/3561
	2024	4321.212	425,07	92023/202
TODOS OS CENTROS, BOLSA DE HORAS ANO	2023	9200.2121	3.630,00	92023/3562
	2024	9200.212	1.815,00	92023/203
TODOS OS CENTROS, BOLSA DE MATERIAIS ANO	2023	9200.212	6.453,33	92023/3563
	2024	9200.212	3.226,67	92023/204
SUMA			32.333,62	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

3º.- A duración do contrato será un ano, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos tres anos (1+1+1).

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA PUBLICACIÓN “AQUÍ NON PASA NADA. HISTORIAS MUSICAIS DE LUGO” DE JUAN CASTRO LODEIRO, EDITADO POR TRIS TRAM SLU.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de abril de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato e providencia de inicio, con CSV: IV7BY7ZSNZMIJ5GC4B7RCQQ6B4.

2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7BY7YJCJ4EJL776YJU54MAXKI.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BY4CY2B77US6K5QPHH33FE4.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7B2TPKHJJYKSOY6YAGCNRHEQ.

5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B2TPKHJJYKSOY6YAGCNRHEQ.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7B2XD2OEP4JL4MYIQTIJHTIU.

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7B2XQPBVBXSXOX6CI6CC7ZDE4.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de febreiro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7B2AB23ZMNXGHZ4UEQKBPBHY.

9. Acta da Mesa de Contratación do día 9 de marzo de 2023, con CSV: IV7BE7PMZFW6LJGP2IADEVKBKE, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Tris Tram S.L.U.

Procédese á apertura da declaración de cumprimento de requisitos previos, presentada polo licitador, observándose a existencia dunha incidencia na sinatura, polo que a Mesa procede a

comprobar, a través da aplicación Valide, a validez da mesma, constando un certificado caducado e outro vixente.

Dado que consta certificado en vigor ata o 16-08-2023, a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta 0% de baixa sobre o orzamento base de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A Mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Tris Tram S.L.U. Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).

Comunicar ó licitador que debe solventar a incidencia de dobre sinatura ós efectos evitar discrepancias que se reflicten na plataforma de contratos do sector público”.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 16 de marzo de 2023, con CSV: IV7BGTCDLNETR6R4YQNDO7TQEY, que acordou o seguinte:

“Deuse conta que a Mesa de contratación en sesión anterior, acordou iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a reducir o prazo de entrega



máximo de un mes en un día, polo que acada 5 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
TRIS TRAM S.L.U.	Fase I Oferta presentada: 0% de baixa: 0 puntos Fase II: 5 puntos TOTAL= Fase I +Fase II: 5 puntos

2º.- Requirir a Tris Tram S.L.U. para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE ADXUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA 5%
20.200,00 €	1.010,00 €

11.- Resolución de Presidencia de 22 de marzo de 2023, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7BGGLYDQJ2ZOX2BXY5IITQIA.

12.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de marzo de 2023.

13.- Documentación presentada pola empresa, a través da plataforma de contratación do sector público, o día 4 de abril de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de abril de 2023, aos efectos de examinar documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

En acreditación da solvencia técnica, o licitador presenta descrições e fotografías dixitais. O responsable de distribución e loxística do Servizo de Publicacións, vogal da mesa de contratación, pon de manifesto que a empresa entregou mostras físicas da publicación no servizo, que cumpren o requirido no PPT.

Incorporouse ó expediente certificados de cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como carta de pago emitida pola Tesourería da Deputación de Lugo,

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Tris Tram S.L.U. a contratación da subministración da publicación “Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo” de Juan Castro Lodeiro, editado por Tris Tram SLU, expediente nº 2023/CON_02/000013, polo importe de 20.200,00 €, aos que se engadirá o IVE (4%) de 808,00 €, o que fai un total de 21.008,00 €, con prazo de entrega de un mes, menos un día, a contar desde a data de formalización do contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”



Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Tris Tram S.L.U. a contratación da subministración da publicación “Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo” de Juan Castro Lodeiro, editado por Tris Tram SLU, expediente nº 2023/CON_02/000013, polo importe de 20.200,00 €, aos que se engadirá o IVE (4%) de 808,00 €, o que fai un total de 21.008,00 €, con prazo de entrega de un mes, menos un día, a contar desde a data de formalización do contrato.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA MIGRACIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS (GINPIX-7) A UNHA ENTORNA CLOUD, SOPORTE E MANTEMENTO EN FORMATO SAAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de abril de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1.- Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2PK3GFN23HHSQBWTGQ3WOQ.

2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7B2H23FAJ25H54WFQQJYYBMA.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AQOQ5GBZZYRE3WZEHCQSTJY.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7B2PRJPI773XGNTT4NN4IXEA.

5.- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B2PRNB4ZLLOJMBUUFKUZHKI.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7B2PY2GHW4T3U6UM5BAQQBN4.

7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7B3S3TL5HO6T5ZAFPTKYDHOY.

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BEQLTLA533KEMDU7HENPDD4.

9.- Acta da Mesa de Contratación do día 14 de marzo de 2023, con CSV IV7BFT7CGAOSKXHZYXYEJ4REB4, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do



sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta unha baixada sobre os prezos de 0,42 %, polo que obtén 15 puntos nesta fase.

A Mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar, a través da Plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo, no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP)”.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 21 de marzo de 2023, con CSV IV7BGADIN3V47XBOAZ7AGUA7AE, que acordou o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación, en sesión anterior, acordou iniciar a fase de negociación (fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a un incremento de dúas xornadas de formación on line sobre o mínimo obrigatorio, polo que acada 15 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

De seguido, a Presidencia realiza unha aclaración sobre a oferta económica realizada polo licitador na primeira fase: Baixada sobre os prezos de 0,42%.

O licitador distribúe a baixada da seguinte maneira:

ANUALIDADE	PERÍODO	IMPORTE IVA EXCLUIDO	IVA 21%	IMPORTE IVA INCLUIDO
2023	8 meses	42.995,16	9.028,98	52.024,14
2024	12 meses	28.896,00	6.068,16	34.964,16
2025	4 meses	9.632,00	2.022,72	11.654,72
TOTAL	24 meses	81.523,16	17.119,86	98.643,02

ANUALIDADE	CONSULTORÍA E FORMACIÓN	USUARIOS	EMPREGADOS	TOTAL SEN I.V.E.	I.V.E.	TOTAL
2023	23.731,16	2.520,00	16.744,00	42.995,16	9.028,98	52.024,14
2024	0,00	3.780,00	25.116,00	28.896,00	6.068,16	34.964,16
2025	0,00	1.260,00	8.372,00	9.632,00	2.022,72	11.654,72
TOTAIS	24.075,00	7.560,00	50.232,00	81.523,16	17.192,07	98.643,02

Do cadro anterior dedúcese que o licitador aplica unha porcentaxe de baixa de 0,42% sobre o prezo total, baixando de 81.867,00 € a 81.523,16 € (343,84 €), aplicando esta baixa no concepto de consultoría e formación, da anualidade 2023 (24.075 € a 23.731,16 €).

Logo da aclaración efectuada, a Mesa considera que a oferta non contradí o disposto nos pregos de licitación.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.	Fase I: Baixa 0,42% - 15 puntos. Fase II: dúas xornadas - 15 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :30 puntos

2º.- Requerir a Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a



constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE ADXUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA
81.523,16 €	4.076,16 €

11.- Resolución de Presidencia de 27 de marzo de 2023, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV: IV7BHWB4GEO4VDBLATQQATQAAE.

12.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 29 de marzo de 2023.

13.-Documentación presentada pola empresa a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 13 de abril de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 18 de abril de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, en primeiro lugar corríxese un erro de transcripción da acta da sesión da mesa de contratación celebrada o 21 de marzo de 2023, consistente en que onde di:

ANUALIDADE	CONSULTORÍA E FORMACIÓN	USUARIOS	EMPREGADOS	TOTAL SEN I.V.E.	I.V.E.	TOTAL
2023	23.731,16	2.520,00	16.744,00	42.995,16	9.028,98	52.024,14
2024	0,00	3.780,00	25.116,00	28.896,00	6.068,16	34.964,16
2025	0,00	1.260,00	8.372,00	9.632,00	2.022,72	11.654,72
TOTAIS	24.075,00	7.560,00	50.232,00	81.523,16	17.192,07	98.643,02

Debe dicir:

ANUALIDADE	CONSULTORÍA E FORMACIÓN	USUARIOS	EMPREGADOS	TOTAL SEN I.V.E.	I.V.E.	TOTAL
2023	23.731,16	2.520,00	16.744,00	42.995,16	9.028,98	52.024,14
2024	0,00	3.780,00	25.116,00	28.896,00	6.068,16	34.964,16
2025	0,00	1.260,00	8.372,00	9.632,00	2.022,72	11.654,72
TOTAIS	23.731,16	7.560,00	50.232,00	81.523,16	17.192,07	98.643,02

De seguido, infórmase que a licitadora presentou a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorporárase ao expediente certificado do rolece no que consta poder da representante da empresa, carta de pago da garantía depositada e consulta na web registradores.org sobre depósito de contas.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L. a contratación da migración do sistema de información e xestión de recursos humanos (ginpix-7) a unha entorna cloud, soporte e mantemento en formato SAAS. 2023/CON_02/000016, polo importe de 81.523,16 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.192,07 €, o que fai un total de 98.643,02 € para dous anos de contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L. a contratación da migración do sistema de información e xestión de recursos humanos (Ginpix-7) a unha entorna cloud, soporte e mantemento en formato SAAS. 2023/CON_02/000016, polo importe de 81.523,16 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.192,07 €, o que fai un total de 98.643,02 € para dous anos de contrato, cun incremento de dúas xornadas de formación on line sobre o mínimo obrigatorio. O adxudicatario oferta unha porcentaxe de baixa de 0,42% sobre o prezo total,



baixando de 81.867,00 € a 81.523,16 € (343,84 €), aplicando esta baixa no concepto de consultoría e formación, da anualidade 2023 (24.075 € a 23.731,16 €).

A distribución por anualidades é a seguinte:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	MODIFICACIÓN 10% (art. 309.1 LCSP)	RC
2023	9200.216	52.024,14		22023/4658
2024	9200.216	34.964,16		220239/15
			9.864,30	220239/25
2025	9200.216	11.654,72		220239/15
SUMA		98.643,02		

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

2º.- A duración do contrato é de dous anos, sen previsión de prórroga. O inicio da prestación non comezará antes de que remate o contrato vixente, que finaliza o 30 de abril de 2023.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN “SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS EDIFICIOS DO ANEXO I DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS” FORMALIZADA COA EMPRESA “ACIERTA ASISTENCIA, S.A”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Pola presente con relación ó expediente do asunto de referencia fórmulase proposta de resolución contractual considerando os antecedentes fundamentos e consideracións xurídicas contidas no informe proposta con CSV: IV70XSDZ37UTL3WKW3QAB5JE74 emitido polo servizo de contratación e fomento co conforme do Secretario Xeral do seguinte teor literal.

“Antecedentes:

Son antecedentes inmediatos, ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Con data de 27 de maio de 2022 pola Xunta de Goberno, foi adxudicado o contrato de Mantemento e conservación dos edificios relacionado no anexo I do PPT que se refire ó Pavillón n.º 4 e Capela de Santa María, Museo Provincial, Pazo dos Deportes e Pavillón Anexo, Escola de Piragüismo, Museo de San Paio de Narla, Museo do Mar, Museo do Pazo de Tor, de titularidade de desta Deputación.

Asinouse acta de inicio e foi formalizado o contrato con data 30 de xuño de 2022.

Consta informe con CSV IV7AGWJTOEBT5WR7WZOFGUPCGA da unidade xestora accesible integramente na sede electrónica que reflicte diversas comunicacións co contratista, así como a descrición de diversas desatencións dos requirimentos practicados.



Asimesmo, consta informe da unidade xestora data 10 de xaneiro de 2023 con csv IV7BS7LM3AUDQT62QNYF4RYXKQ, no que se ratifican as circunstancias informadas con data de 22 de novembro de 2022 e por tanto, que non se atende de xeito sistemático ás programacións e ordes de traballo, nos termos establecidos no contrato.

Vistos os antecedentes, se pon de manifesto a frustración do contrato por causas, que segundo a responsable do contrato, resultan imputables ó contratista e que na practica implican a inexecución do mesmo.

Segundo o informado polo servizo de arquitectura o contratista foi requirido de xeito expreso e reiterado para a execución do contrato, esta administración considerando que se está a verificar a vontade deliberada de incumprir o contrato, incoou expediente de resolución contractual mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13 de xaneiro de 2023.

Quinto.- Notificado o devandito acordo o 19 de xaneiro de 2023, o contratista remitiu alegacións con data 27 de xaneiro de 2022 nas que se opón á resolución contractual.

Sexto.- Con data 10 de febreiro de 2022, formulouse proposta de resolución, na que valorando as alegacións formuladas polo contratista, e con pleno respecto do principio de contradición se resolveu formular a seguinte proposta de resolución:

“.... a) Resolver o contrato de servizos “Servizo de mantemento e conservación dos edificios do Anexo I do prego de prescricións técnicas. formalizado coa empresa “Acierta Asistencia, S.A”. adxudicado á Acierta Asistencia SA, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimento da obriga principal do contrato ó abeiro da documentación obrante no expediente.

b) Notificar a presente á entidade “Acierta Asistencia, S.A”, con indicación expresa, de que o presente acto é de trámite, sen que proceda a interposición de recursos, ate a adopción do acto que poña fin á vía administrativa.

c) Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

d) Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 5.831,77 €, resultando avalista Ibercaja Banco, SA, coa referencia de documento contable CON-320220011179.

e) Dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.

2. Suspende o prazo máximo para resolver e Notificar o procedemento no tanto non se reciba o ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

O Consello Consultivo solicitou documentación complementaria o 10 de marzo de 2023 a mesma, foille remitida o 16 de marzo de 2023 , recibíndose o seu ditame favorable con data 13 de abril de 2023.

Emítase o presente e en atención a seguinte;

Normativa aplicable:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.

Regulamento Orgánico Provincial.

Consideracións:



I.- Sobre os antecedentes e as alegacións formuladas por Acierta.

O relatorio dos feitos reproducidos nas alegacións debe ser rexeitado en tanto se opón á realidade obrante no expediente administrativo, compre por tanto recordar que o contrato non se está a executar, e que as poucas prestacións executadas foron finalizadas de xeito defectuoso.

Con carácter xeral, recórdase que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria, que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salivade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto, o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

O servizo de arquitectura ten informado en diversas ocasións a imposibilidade de executar o contrato nos termos adxudicados debido á conducta do contratista, destaca o sinalado informe con CSV IV7AGWJTOEBT5WR7WZOFGUPCGA accesible integramente na sede electrónica, que reflicte diversas comunicacións co contratista, así como a descrición de diversas desatencións dos requirimentos practicados e o análise das posibles consecuencias previstas nos pregos, que conclúe:

“Queda demostrado que a empresa adxudicataria non atende a mecánica do contrato e xa non se trata dunha prestación defectuosa se non da falta de execución total, polo que incumpre claramente, entre outros, o obxecto principal do contrato que é o de executar o mantemento dos edificios comprendidos no Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas.

Dado que o Prego de Cláusulas Administrativas permite a Administración optar pola resolución do contrato con perda de garantía ou pola imposición de penalidades no caso de que o

contratista realice defectuosamente as prestacións obxecto do contrato e tal como se demostrou, no descrito anteriormente, a falta de interese por parte de empresa adxudicataria en realizar as prestacións ofertadas, segundo as formas, os prezos e tempos establecidos nos pregos que rexen o contrato, incumprindo o obxecto principal do contrato, considerase que a resolución do contrato é a opción máis adecuada e por tanto propónse a resolución do contrato de “Servizo de mantemento e conservación dos edificios do Anexo I do prego de prescricións técnicas. 2022/CON_02/000011”.

Asimesmo, consta informe da unidade xestora de data 10 de xaneiro de 2023 con csv IV7BS7LM3AUDQT62QNYF4RYXKQ, no que se ratifican as circunstancias informadas con data de 22 de novembro de 2022 e por tanto que non se atende de xeito sistemático ás programacións e ordes de traballo, nos termos establecidos no contrato.

As condicións da adxudicación que derivan da oferta do adxudicatario e que constan no propio documento de formalización, implican a execución dos traballos nos termos establecidos nos pregos así como dacordo coas ordes e instrucións ditadas polo responsable do servizo.

Acierta Asistencia, centra as súas alegacións nas dificultades de interlocución coa responsable do contrato e a falta de ordes de traballo.

Non obstante, a realidade contradí de xeito contundente o relato da contratista.

Á entidade contratista cónstalle unha intensa actividade da Responsable do contrato tratando de facilitar articular e coordinar a correcta operativa do mesmo, dacordo coas tarefas que o artigo 62 da LCSP lle encomenda.

A propia contratista participe de ditas comunicacións, que se pasan a resumir:

1. 18/05/2022 correo de Lourdes Alguacil Torres, xerente do departamento de mantemento de Acierta Asistencia, para solicitar unha reunión co servizo de Arquitectura vía Teams, e informando que o enxeñeiro, xefe de servizo, Cristobal Muñoz García será quen leve o contrato.



2. 20/05/2022 contestación da persoa responsable do contrato por parte da administración, solicitando que, ante o comezo do contrato sería moito mellor que a persoa responsable do mesmo realizara unha visita a cada un dos centros obxecto do Prego, para coñecelos mellor de cara a elaborar o plan de mantemento do xeito máis adecuado.

3. 23/05/2022 confirmase por parte de Lourdes Algalcil Torres, a realización de dita reunión no Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

4. 14/07/2022 correo enviado a adxudicataria, por parte da persoa responsable, achegando o plan preventivo de mantemento do primeiro trimestre e as que serán as primeiras ordes de traballo, explicando que a previsión de comezo sería a semana do 22 de agosto. Achégase esta documentación para que a adxudicataria vaia facendo as súas previsións, emprazando a empresa a comunicarse o día 23 para programar as actuacións.

5. 25/08/2022 correo enviado polo Servizo de Arquitectura recordando a adxudicataria o comezo das actuacións de mantemento e a previsión de comezar o 1 de setembro limpando as cubertas e os canlóns antes de que comece o outono, e que o primeiro edificio no que se actuará será o Pazo dos Deportes antes do inicio da liga ACB.

Tamén se informa de que é axeitado que a adxudicataria conte con un louseiro no seu equipo xa que haberá que recolocar moitas pezas de cubrición nas cubertas.

Explicase a conveniencia de reunirse para que o responsable por parte da empresa observe os traballos antes de empezar.

6. 30/08/2022 correo de Cristobal Muñoz García:

“Disculpa la demora en contestar, lo tenía presente. Le he pedido al de la empresa de trabajos de alturas, que va a realizar todos los trabajos de limpiezas que tenemos previstos que os llame para cuadrar la visita y poder valorar este trabajo en concreto”.

7. 30/08/2022 envío dende a administración da primeira orde de traballo no Pazo dos Deportes.

8. 30/08/2022 correo de Cristobal Muñoz García a persoa responsable do contrato por parte de administración:

“Faltaría valorar la reparación de las goteras no? El encargado debería haberos llamado ya a ti o a Mónica para ir a verlo el jueves”.

9. 30/08/2022 contestación da administración:

“las goteras, creemos surgen por la tornillería de las chapas de la cubierta, valoramos la mano de obra para sellar estos tornillos, el sellador lo pondríamos nosotros ya que no esta recogido en el Anexo II del Pliego.

No nos han llamado todavía, este encargado va a ser el encargado que va a tener Acierta para el contrato?”

10. 30/08/2022 comunicación de Cristobal Muñoz García:

“Los trabajos me los debéis comunicar siempre a mí y yo la los filtro en función de la necesidades, esta persona está de vacaciones hasta mañana, le pido de nuevo que os llame.”

11. 06/09/2022 correo do Servizo de Arquitectura para Cristobal Muñoz García:

“Hace días les enviamos por correo electrónico dos órdenes de trabajo para limpiar canalones y bajantes de Pazo de Deportes y para el sellado de tornillos.

Esta orden de trabajo tendría que haber sido atendida, según el pliego de prescripciones tecnicas que rige el contrato, en un maximo de 48 horas.

Hoy martes 6 de septiembre, siete días después, además de no haberse realizado el trabajo, no se ha puesto en contacto con nosotros ningún responsable técnico de su empresa para visitar el pazo y comprobar con el personal técnico de este Servicio el alcance de los trabajos.

Si que es cierto, que ha contactado con nosotros una persona que dijo llamar en nombre de ustedes como posible subcontratista de trabajos en altura para informarse del alcance de los trabajos.

En la Diputación esperabamos que después de lo dicho por ustedes telefonicamente el pasado viernes, y aunque este no es el procedimiento establecido por el pliego, que una persona, parece ser que otro posible subcontratista, se pusiese en contacto con nosotros para hacer una visita al Pazo el pasado lunes. Finalmente nadie se puso en contacto con nosotros.

Les recordamos que uno de las condiciones de pliego era la de poner al servicio del contrato un técnico que actuase de interlocutor con la administración y que gestionase la realización de cada reparación, visitando previamente el lugar, recibiendo las ordenes de trabajo y dirigiendo el trabajo de sus operarios o de posibles subcontratistas. Son ustedes lo que tienen que poner a disposición del contrato, en Lugo, una persona que desempeñe estas funciones. No pueden trasladar esa función al personal de la administración.

También les recordamos que el plazo para la ejecución de las órdenes de trabajo es de 48 horas desde que son recibidas.



Le agradeceríamos que nos informen sobre sus intenciones con respecto a la ejecución del contrato y en particular sobre las órdenes de trabajo ya recibidas.”

12. 06/09/2022 en resposta o correo anterior, Cristobal Muñoz García explica que está fora da oficina ata o día 11 de setembro e que para temas urxentes nos comuniquemos co seu compañeiro Alfredo.

13. 06/09/2022 Lourdes Alguacil comunica, a través de correo, que comezarán o venres 09 de setembro.

14. 07/09/2022 correo do Servizo de Arquitectura:

“Te agradecería que me concretases un poco más lo que quiere decir que comenzarán el viernes, a trabajar en el Pazo de los Deportes, a venir un encargado por la Diputación, a ver los trabajos.....

Por que aún no nos habeis aclarado el tema del técnico que lleve el contrato, ya que después de estas órdenes de trabajo van a llegar más y hay que gestionarlal.”

15. 07/09/2022 contestación de Lourdes Alguacil Torres:

“En cuanto tengamos la planificación exacta os la hacemos llegar.

Con respecto al técnico, las órdenes de trabajo las gestionamos nosotros y se las pasamos al técnico correspondiente para que os podáis desvincular de esos quebraderos de cabeza.”

16. 08/09/2022 correo da empresa adxudicataria informando a administración de que os traballos comezarán o 09/09 as 09:30h e que acudirán dous operarios para a retirada da sucidade don canlóns e limpeza da aparafusaría da cuberta cun prazo de execución de 4 a 5 días.

17. 08/09/2022 o Servizo de Arquitectura solicita lle a empresa adxudicataria, a través de correo, o contacto dalgún dos operarios que acudirán o Pazo.

18. 08/09/2022 Lourdes Alguacil Torres achega a teléfono de Alfredo por si necesitaramos algo e a adxudicataria fala cos operarios.

19. 08/09/2022 o Servizo de Arquitectura recorda lle, a través dun correo, a empresa que o Prego que rexe o contrato exige que haxa un técnico responsable da empresa adxudicataria na obra polo que esperamos atopalo o venres as 9:30h no Pazo.

20. 08/09/2022 a empresa adxudicataria explica, a través de correo, que:

“Entendemos que para esos trabajos no es necesaria la visita del responsable técnico, Cristóbal, no obstante la próxima semana, Cristóbal realizará un seguimiento de los trabajos”

21. 12/09/2022 Cristobal Muñoz García comunica, a través de correo, que os traballos de limpeza de canlóns rematan hoxe e quedan pendentes de que se lles remita a orde cde trabalo para a impermeabilización dos mesmos.

22. 12/09/2022 envío da orde de traballo para impermeabilización dos canlóns e aliviadeiros novos.

23. 12/09/2022 a adxudicataria responde, a través de correo, que o importe da orde de traballo enviada e bastante inferior o estimado polo especialista.

24. 13/09/2022 A empresa envía un correo coa súa valoración:

“1er trabajo 3 días 1 técnico

2do trabajo 3 días 2 técnicos

A esto hay que estimar el pequeño material y los rebosaderos de acero inoxidable.

Canalones : impermeabilización de juntas de canalones con lámina impermeable de butilo

Subtotal : 1.300,00 € iva no incluido.

Fachada principal y fachada lateral derecha: suministro y colocación de nuevos rebosaderos de canalones en inox.(12 uds)

Subtotal: 4.000,00 € iva no incluido”

25. 14/09/2022 resposta por parte da persoa responsable do contrato:

“Hemos visto tu valoración de los trabajos comprendidos en la orden de trabajo PD03/2022 y tenemos que hacerte las siguientes consideraciones.

No entendemos, por que no esta justificado de donde salen los importes, es decir las unidades por los precios del contrato y en segundo lugar estas imputando el coste de un técnico que no sabemos quien es ni que trabajos va a desempeñar durante esos tres días.”

26. 14/09/2022 Cristobal Muñoz García responde a través de correo electrónico:

“No me he basado en las unidades del contrato ya que no he visto que vengan definidas, puede que esté equivocado, únicamente he visto la mano de obra de albañilería. Pero considero que no se corresponde con los trabajos a realizar, ya que aunque no usemos máquina elevadora ni andamios, estamos trabajando a más de 2 metros de altura, en una cubierta, considero que son trabajos en altura y no podemos realizarlos al mismo coste que un albañil normal.

La segunda persona que me comentas que no sabes que realizará, para la colocación de los rebosaderos y la correcta impermeabilización necesitamos que lo realicen 2 personas, de ahí mi consideración “



27. 14/09/2022 A persoa responsable do contrato por parte da administración recorda lle, mediante correo, a empresa adxudicataria que os prezos da man de obra está recollidos no Anexo III do Prego e que non se pode aplicar ningún outro prezo que nos está contemplado en dito Prego, e preguntase lle a empresa como pode facer unha valoración económica duns traballos sen tan sequera coñecer as instalacións.

28. 16/09/2022 A empresa adxudicataria expresa, a través de correo, que:

“La estimación de los trabajos obviamente no la hice yo, la realizó la empresa de alturas que vamos a subcontratar para estos trabajos, que son los profesionales en este tipo de trabajos.

Entiendo que los precios deben ser los del pliego, pero se debería ajustar a la realidad de la intervención.

Quedo a la espera”

29. 20/09/2022 A empresa adxudicataria do contrato a través de Lourdes Alguacil Torres comunica a administración que Cristóbal deixou de formar parte da empresa e facilita unha dirección de correo electrónica para que a administración se comunique con eles.

30. 26/09/2022 Lourdes Alguacil Torres, envía un correo explicando que:

“He estado revisando este tema, con respecto a la explicación de Cristóbal, no podemos hacer el trabajo con la orden que nos propones ya que nuestro presupuesto es casi del doble, ¿habéis podido echarle un vistazo?”

31. 26/09/2022 A persoa responsable do contrato exponlle a adxudicataria que como xa se lles había comunicado anteriormente os prezos son os establecidos no Prego e non se poden modificar, poderían modificarse o número de hora de traballo, xa que inicialmente son unha estimación, pero o prezo non.

32. 26/09/2022 resposta, a través de correo, de “Acierta Asistencia S.A.”:

A ver cómo podemos llegar a un acuerdo, ya que los trabajos de la orden no contempla que sea un trabajo en altura, ¿se podría contemplar de otra manera? ¿o realizar menos superficie?

33. 17/10/2022 A administración notifica a través da súa plataforma electrónica o requirimento a empresa adxudicataria informando de todos os incumprimentos de contrato e comunicando lles que dispoñen de 10 días naturais para axustar a súa prestación as condicións esixidas polos Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas.

34. 18/10/2022 A adxudicataria envía o seguinte correo:

Patricia ya hemos recibido el requerimiento, contestaremos lo antes posible.

No obstante me gustaría que mantuviésemos una reunión para que conocieses a los ingenieros que llevarán el contrato, vía telemática.

La próxima semana, uno de los ingenieros designados al contrato estará por las instalaciones de Lugo, para concretar la visita.

35. 18/10/2022 O Servizo de Arquitectura notifica vía plataforma electrónica a empresa adxudicataria reiterando o exposto no requirimento anterior e recordandolle a empresa adxudicataria os compoñentes do equipo mínimo recollido no Prego.

36. 24/10/2022 Andrea Alvarez Garea, presentase como responsable do contrato de mantemento por parte de “Acierta Asistencia S.A” e comunica que enviaron resposta o requirimento da administración e solicita reunión no Servizo de Arquitectura o día 27/10.

37. 24/10/2022 O Servizo de Arquitectura notifica vía plataforma electrónica a empresa adxudicataria mediante un escrito confirmado a posibilidade de establecer reunións presencias cada 15 días así como a reunión do día 27 de outubro as 9:00h na Deputación de Lugo.

38. 27/10/2022 Tras a reunión entre o Servizo de Arquitectura e a empresa adxudicataria remítese por correo, de novo, a Andrea Álvarez o plan preventivo e a última orde de traballo enviada a Cristobal, así como o contacto da persoa responsable do Pazo dos Deportes para que poida visitar as instalacións.

39. 02/11/2022 Andrea Álvarez Garea, xefe de servizo de “Acierta Asistencia, S.A” envía correo no que expón:

¿me podrías facilitar planos de las instalaciones?

Estoy programando realizar las limpiezas de cubiertas de las que se habían lanzado OT.

Respecto a la OT PD-03-12-09-2022 de colocación de rebosaderos en el Palacio de los deportes, me gustaría aclarar en la segunda partida, la unidad son horas ¿verdad?

40. 03/11/2022 Dende o Servizo de Arquitectura envía, vía plataforma electrónica, a empresa adxudicataria escrito no que se aclara que a programación realizárase conxuntamente entre os responsables do contrato tanto por parte da empresa adxudicataria como da administración, sendo esta última quen xerará as ordes de traballo para executar as tarefas. E manifesta a necesidade de designación dun técnico integrante do equipo mínimo establecido no Prego.

41. 07/11/2022 A empresa adxudicataria remite a administración os nomes do equipo mínimo do contrato e solicita unha reunión para o próximo xoves 10.



42. 11/11/2022 Tras a reunión realizada o xoves 10/11/2022 establece que se reinician os traballos hoxe, e este mesmo día Andrea Álvarez Garea envía un correo electrónico comunicando un novo equipo mínimo.

43. 11/11/2022 A persoa responsable do contrato por parte da administración envía a empresa as ordes de traballo 03 e 03M.

44. 14/11/2022 Ignacio Alberto Diez Sánchez, designado técnico responsable do equipo mínimo esixido no Prego Comunica que:

“Según la conversación mantenida, y en base a las previsiones meteorológicas de esta semana, habíamos pensado poder hacer trabajos en interior de los reflejados en el plan preventivo correctivo elaborado, mientras mejoran las previsiones meteorológicas.

Planteamos también paralelamente planificar la actuación de los rebosaderos para que en cuanto mejoren las condiciones, acometer dichos trabajos y finalizar la impermeabilización de los canalones con las láminas de butilo.

Quedo a la espera de que comenten los posibles trabajos a realizar.”

45. 15/11/2022 Dende o Servizo de Arquitectura remítese correo ó técnico responsable informandolle que despois de estudas a súa proposta decidese continuar coa limpeza de canlóns, baixantes e cubertas antes de poñerse cos traballos de interior, porque urxe primeiro solucionar o problema e que deixe de entrar auga no Pazo dos Deportes.

46. 21/11/2022 Ignacio Alberto Diez Sánchez comunica que:

De acuerdo, pero para aprovechar con los técnicos estos días, sería posible autorizarles a que puedan visitar todas las instalaciones, y de estar forma tengan un buen conocimiento de las mismas?

Sin realizar actuaciones en interior, únicamente para que los días de lluvia, puedan aprovecharlo en eso.

47. 24/11/2022 A empresa adxudicataria envía o seguinte correo:

Debido a la leve mejoría de las condiciones climatológicas, se está avanzando en la colocación de las láminas de butilo en los canalones, para su impermeabilización. En base a las previsiones de gasto de las láminas, vamos a necesitar otras 3 cajas, un total de 6 rollos, para completar la tarea.

En cuanto a la orden de trabajo para la colocación de los rebosaderos, tenemos la intención de comenzar la semana que viene si el tiempo lo permite, para lo cual quería mantener, si tienes

disponibilidad, una reunión por videoconferencia, en la que quiero tratar algunos aspectos contigo de los materiales y del presupuesto, para dejarlo cerrado.

Te propongo realizarla el día de mañana, o a última hora del día de hoy. Quedo a la espera de que me confirmes tu disponibilidad.

48. 01/12/2022 Ignacio Alberto Díez Sánchez comunica, vía correo electrónico, que se finalizan os traballos pendentes da impermeabilización dos canlóns.

49. 07/12/2022 O técnico responsable do equipo mínimo, Ignacio Alberto Díez Sánchez, expón ó Servizo de Arquitectura que no día de hoxe a empresa procedeu a rexistrar na Deputación de Lugo, escrito solicitando a asignación de máis encargos.

50. 13/12/2022 O Servizo de Arquitectura remite un correo a Ignacio Alberto Díez Sánchez, explicando lle que tras un recoñecemento dos traballos realizados observase que non se remataron correctamente e consecuentemente entrou auga dentro da edificación e que antes de solicitar máis encargos rematen os que teñen pendentes.

Tamén se lle expón que e a Administración a que marca as necesidades do contrato e as ordes de traballo.

51. 14/12/2022 Ignacio Alberto Díez envía correo a responsable do contrato comunicando que:

“Los técnicos ya están prevenidos para rematar las juntas según comentas, les he pedido de igual forma que repasen todas las uniones realizadas a fin de reforzarlas si fuera necesario.

Según las previsiones meteorológicas, los técnicos van a rematar los trabajos esta semana, por lo que, según hablamos por teléfono, te propongo quedarte un día allí de la semana que viene, para la revisión final de la obra y poder dar por concluida la orden de trabajo satisfactoriamente.

Quedo a la espera de que me confirmes la disponibilidad para realizar la visita la semana que viene.”

52. 14/12/2022 A persoa responsable do contrato por parte da administración responde confirmando a visita a obra para a revisión final.

53. 21/12/2022 A persoa responsable do contrato por parte da administración comunica que por razóns de traballo finalmente non pode acudir a visita pero no seu lugar irá outro técnico do servizo a dita reunión.

54. 22/12/2022 A persoa responsable do contrato por parte da administración envía un correo a Ignacio Alberto Díez emplazando para unha reunión telefónica o luns 26 de decembro.

55. 03/01/2023 Dende o Servizo de Arquitectura remítese o seguinte correo:



“Buenos días, tal y como hablamos ayer te envío la orden de trabajo nº4, para pintar las chapas translúcidas de la zona de la cubierta que está sobre la pista deportiva en el Pazo de los Deportes”

56. 09/01/2023 Ignacio Alberto Díez envía:

“De acuerdo a la conversación mantenida en la visita que realice contigo a la obra objeto de la última orden de trabajo, el día 05/01/2023, quedamos pendientes de iniciar la ejecución de la misma a la espera de la mejoría de las condiciones climatológicas que posibiliten la realización del trabajo de forma segura y adecuada.

Te iremos informando con antelación de la previsión y organización del trabajo.”

57. 12/01/2023 O técnico responsable do equipo mínimo remite o seguinte correo:

“En base a la visita realizada el día 05/01/2023 y tras la realización de la preceptiva evaluación de riesgos de la actuación, desde el departamento de prevención de riesgos laborales nos transmiten de forma resumida lo siguiente:

Dificultad de asegurar la estabilidad y resistencia de las placas metálicas de la cubierta en las que se va situar el operario para la realización del trabajo.

Dificultad de instalación de una línea de vida portátil, ya que no existe ningún punto de anclaje adecuado

En base lo anterior y siempre con la finalidad de asegurar la seguridad de los trabajadores y poder llevar a cabo la OT, queríamos pedirnos lo siguiente:

Proyecto original del edificio que nos permita valorar con exactitud los materiales de la cubierta.

En caso de no disponer del proyecto, un informe en el que se asegure que la cubierta es transitable con seguridad.

Os adjuntamos el informe realizado por el servicio de prevención.”

En conclusión, constan múltiples comunicaciones co contratista, consta asimesmo a inexecución do contrato, así como a execución defectuosa das escasas tarefas acometidas tras os múltiples requirimentos formulados pola administración, nun destacable esforzo tendente a execución dos traballos por parte de Acierta, que se amosou en todo momento infrutuoso, se acredita igualmente que non se respeta nin se cumpre por parte de Acierta coa mecánica e obrigas establecidas no prego de prescricións técnicas.

Pretende a contratista segundo se desprende das súas alegacións, substituír o exercicio das funcións que lle son propias á responsable do contrato, fixando motu proprio as prioridades dos mantementos correctivos (namentres omite de xeito deliberado e consciente a execución de mantementos preventivos).

Igualmente, o contratista pretende que se lle encarguen novos traballos sen ter executados os previos o que incluso resultaría contraproducente pois carece de sentido por exemplo, continuar con actuacións no interior de instalacións no tanto non se conclúen tarefas de impermeabilización que palían filtracións existentes ou potenciais.

Por ultimo, decae o argumento que sustenta a dilación na execución de tarefas encomendadas, na aparente intención de respectar a normativa de prevención de riscos laborais cando xa ten realizado tarefas análogas en altura, iso si, mediante subcontrata con terceiros, e pretendendo cobrar prezos notablemente superiores ós contractuais.

Tendo en conta que a obrigação principal do contratista é precisamente a execución do contrato nos termos pactados, de modo que noutro caso o que se incumpriría é o obxecto mesmo do contrato, como ten sinalado o Ditame N.º 54/2019 da Comisión Xurídica Asesora do País Vasco.

Parece lóxico que neste estado de cousas, nun clima de inactividade e requirimento sostido ó contratista que frustra o contrato (Ditame 21/2020, do 29 de xaneiro, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi), que a única saída posible fose a de incoar a resolución culpable pola única e singular responsabilidade de Acierta Asistencia, xa que a administración non pode permanecer inactiva na tolerancia de condutas que frustran a satisfacción da necesidade institucional que motivou o contrato.

Tal e como sinala o ditame 41/2023 do Consello Consultivo, con cita de múltiples resolucións, sentenzas e doutrina plenamente aplicable a incidencia obxeto deste expediente :

“Tendo en conta os anteriores datos, e aplicando a doutrina xeral exposta na consideración terceira deste ditame, cabe entender aplicable a causa de resolución contractual invocada pola Administración.



Así, do expediente resulta que, transcorrida máis da metade do prazo de duración do contrato, soamente se realizaron dúas ordes de traballo, referidas a actuacións moi puntuais de mantemento nun só edificio – e que non requirían de excesivo período de tempo para a súa realización –, cando o contrato ten por obxecto a realización de numerosas actuacións de mantemento en varios edificios (e, de acordo co disposto nel, eran varias, e en máis dun edificio, as actuacións previstas no plan de mantemento preventivo do primeiro semestre). Ao anterior se une que na execución daquelas dúas ordes de traballo existiron incumprimentos das previsións dos pregos contratuais por parte do contratista.

Do expediente resulta, así mesmo, unha actuación do contratista contraria ás esixencias dos pregos e reveladora dunha falta de dilixencia no cumprimento das súas obrigas contratuais; situación consolidada no tempo que revelou unha vontade clara, por parte da contratista, de non atender culposamente os compromisos contraídos, cun quebranto que foi moito mais alá dun simple desfase ou desaxuste na execución do obxecto contratual.

Non cabe considerar, en cambio, como pretende a contratista, que a situación na que se atopa a execución do contrato se deba á actuación pouco colaboradora da responsable do contrato nin a que esta non lles dera máis ordes de traballo, cando do expediente se desprende a insistencia da responsable do contrato para que a contratista se axustara ás esixencias dos pregos, os seus intentos por reconducir a situación así como a atención que prestou ás diferentes cuestións formuladas pola contratista e ao seguimento do contrato.

Danse, pois, os presupostos previstos na doutrina e na xurisprudencia antes citadas para apreciar o incumprimento culposo por parte da contratista da obriga principal do contrato.

Ao anterior cabe engadir que o incumprimento da contratista ten ocasionado unha perturbación grave no servizo obxecto da contratación, ao non terse realizado practicamente ningunha actuación de mantemento (salvo as recollidas nas dúas ordes de traballo antes citadas), o que xustifica a proporcionalidade da decisión de resolución do contrato.”

II.- Sobre as causas de resolución, a súa expresa previsión na normativa e as súas consecuencias.

Visto o anterior, o incumprimento da obriga principal do contrato, isto é, a falta de actividade de mantemento dos edificios incluídos no obxecto do mesmo nos tempos, formas e regularidade previstos e requiridos, encaixa nas conductas expresamente previstas como constitutivas de causa de resolución contractual, ós efectos do disposto no artigo 211.1 f) “1. Son causas de resolución del contrato..... f) El incumplimiento de la obligación principal del contrato”.

E recordemos que o obxecto contractual era:

“El presente pliego tiene por objeto regir, estableciendo las prescripciones técnicas precisas, la contratación del mantenimiento y conservación de los edificios recogidos en el Anexo I en lo referente a cerramientos (tanto verticales como cubiertas ya sean planas o inclinadas), particiones, revestimientos de suelo, muros y techos tanto interiores como exteriores, carpintería exterior e interior tanto metálica como de madera, reposición de vidrios, cerrajería, etc. al objeto de garantizar su adecuado funcionamiento, así como las pequeñas adaptaciones a la normativa que haya entrado en vigor tras su construcción cambio uso y que resulte de aplicación.

2. Se entenderá que el mantenimiento es la combinación de acciones técnicas, administrativas y de gestión a lo largo del ciclo de vida de un elemento, destinado a conservarlo o devolverlo a un estado en el cual pueda desarrollar la función requerida, entendiéndose esta como la función o combinación de funciones de un elemento que es considerado necesario para desarrollar un servicio dado (definición según UNE EN 13306- 2011. Mantenimiento. Terminología del mantenimiento”

Como pode observarse, as tarefas de mantemento non se están a executar, e non hai maior causa para resolver un contrato que non executar o seu obxecto, a pesar da INTENSA actividade da Responsable do Contrato para que se executen as ordes de traballo cursadas, segundo a prioridade marcada .



Compre recordar o sinalado mo Ditame 100/2020, do 17 de xuño, da Comisión Xurídica Asesora de Euskadi) cando xulga un suposto acaído ó caso que nos ocupa respecto da inexecución da as actuacións de mantemento das instalacións obxecto do contrato aceptando a causa de resolución, nun expediente que garda similitudes ata nas alegacións do contratista sinalando o órgano consultivo:

“incluso teniendo en cuenta las alegaciones presentadas por la empresa, la Comisión considera procedente y más que justificada la decisión del ayuntamiento de resolver el contrato en cuestión. En este caso, además, consideramos prioritaria la causa prevista en el apartado f) del artículo 211.1 LCSP por cuanto afecta a la obligación principal del contrato.”

Dita inactividade na execución material, ten fonda transcendencia tal e como ten sinalado o Consejo de Estado no seu ditame 519/2020, por canto supón frustrar o seu obxecto, resultando a resolución contractual o único mecanismo posible por canto non se trata dunha simple demora, senón da omisión completa das obrigas contractualmente adquiridas.

En termos tomados do Ditame 24/2020, do 6 de febreiro, do Consello Consultivo do Principado de Asturias, na “nova causa legal de resolución” incardínanse “aqueles incumprimentos que materialmente frustran a consecución do obxecto do contrato”, co que xa non hai que acudir, como acontecía ao abeiro da normativa anterior, a “interpretacións, máis ou menos forzadas ou extensivas, doutras causas resolutorias” co obxecto de “superar as dificultades que formulaban os casos en que, tendo abandonado o contratista a execución do contrato, non se adoptase a precaución de recoller tal circunstancia entre as obrigas contractuais esenciais, por máis que materialmente fora a de maior relevancia”.

E no mesmo sentido o Ditame da Comisión Xurídica Asesora de Madrid 153/18, do 27 de marzo), cando sinala que o incumprimento da obriga principal determinaría que non se alcance o fin perseguido polo contrato” Ditames do Consello Consultivo de Canarias 374/2019, do 17 de outubro, e 457/2019, do 5 de decembro), e Ditames 474/2018, do 15 de novembro, do Consello Consultivo de Castela e León; ou 926/2018, do 13 de decembro, do Consello Consultivo de Andalucía.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade das mesmas, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería, acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estima procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012).

2. Posible Indemnización por danos e perdas, no importe que exceda a garantía incautada.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado, (art. 19.1 do RXCAP), que seguirá un procedemento ó efecto.

Todas elas, incorporadas á proposta de resolución formulada pola Xunta de Goberno desta Deputación, son informadas de xeito favorable no ditame 41/2023 do Consello Consultivo no seu fundamento 6.

III.- Sobre o procedemento.

Vistas as alegacións, e a plena satisfacción do iter procedimental marcado na normativa, a teor do disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, procede a continuación do dito expediente, toda vez que consta o ditame favorable do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución, correspondendo resolver o expediente nos termos da proposta ditaminada de xeito favorable co número 41/2023.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Tal e como consta no propio ditame do Consello consultivo foron cumprimentados tódolos trámites do procedemento, compre recordar o respecto que o contratista foi notificado da



suspensión do prazo no tanto non se obtiña o ditame preceptivo, tal e como consta en documento con CSV IV7BZQA73NZJ7WB46XYMEYZ644, que certifica a recepción por Acierta da proposta de resolución que dispoñía asimesmo a suspensión, como pode comprobarse no documento con csv IV7BYK24DN73XK5P2RIDD42BOU.

IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo, sen prexuízo da súa avocación pola Presidencia.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a Presidencia, ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación que previa fiscalización, adopte acordo nos seguintes termos:

1.- Resolver o contrato de servizos “Servizo de mantemento e conservación dos edificios do Anexo I do prego de prescricións técnicas. formalizado coa empresa “Acierta Asistencia, S.A”. adxudicado á Acierta Asistencia SA, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimento da obriga principal do contrato ó abeiro da documentación obrante no expediente.

2.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 5.831,77 €, resultando avalista Ibercaja Banco, SA, coa referencia de documento contable CON-320220011179

3.- Notificar a presente á entidade “Acierta Asistencia, S.A”, así como a entidade avalista, con indicación expresa, de que fronte o presente acto, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, sen prexuízo da súa impugnación directa ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses.

4.- Concluído o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.”

Dita proposta foi fiscalizada de conformidade pola intervención provincial en informe con CSV: IV7OXWATYBNJZ5GS45VCC4AUII.

Vistos os antecedentes, as consideracións xurídicas así como o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia propoño a Xunta de Goberno como órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Resolver o contrato de servizos “Servizo de Mantemento e conservación dos edificios do Anexo I do prego de prescricións técnicas. formalizado coa empresa “Acierta Asistencia, S.A”. adxudicado á Acierta Asistencia SA, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimento da obriga principal do contrato ó abeiro da documentación obrante no expediente.

2º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 5.831,77 €, resultando avalista Ibercaja Banco, SA, coa referencia de documento contable CON-320220011179.

3º.- Notificar a presente á entidade “Acierta Asistencia, S.A”, así como a entidade avalista, con indicación expresa, de que fronte o presente acto, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, sen prexuízo da súa impugnación directa ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses.

4º.- Concluído o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para



contratar de verificarse incumplimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/04/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BQ6SIPFPCLCXOXVOQC73VMM³.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7BQ6TOOFGN2RH3VU74657G4Y.

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BSGKYNEG2ITUL4QG56NQR74.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BSGK6ZJFNWVJKUA7MMH2FMY.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BSEI6FJ5LZH5OXQUG44TUCA.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 20/01/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7B42LJKEG55WXZYAEH4YTT44.

8. Publicación, o día 20/01/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17/02/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7BYK35IHU76W4ZVTQVKDXTB4, dando conta das empresas presentadas e acordando trámite de emenda a varias das licitadoras por non presentar correctamente o Anexo I.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7B2EC2IBFMV6JMSFODAXYECI, reunida en acto público con data 28/02/2023, dando conta das emendas presentadas polas licitadoras requiridas e apertura de oferta técnica, dando traslado das mesmas ao Servizo de Vías e Obras para o seu estudo e valoración.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BEMPCN5JJ5PGTYEATORDXDY, reunida en acto público con data 14/03/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA	15,00
HORDESCÓN SL	12,50
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	12,50



Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3205 "MONFORTE – REBOREDO – LU-P-3201", P.K. 0+535 A 3+175

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

331.342,27
273.836,59

IVE. PARTIDA
INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

2 MESES

MAX

5.476,73 €

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapitados
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS - ACOVAL SA		315.437,84 €	10	NO	100,00	44/1
2	HORDESCÓN SL		327.432,44 €	6	SI	466,00	18/0
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		330.083,17 €	10	SI	606,61	2/0

Unha vez abertas as ofertas dos licitadores obsérvase que as melloras ofertadas por estes non coinciden co indicado no cadro resumo do PCAP, xa que no prego indícase que as melloras de obra “valorarase a execución de cuneta formigonada na LU-P-3205 ...” e a oferta indica “...lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente”. Non obstante, comprobado o modelo anexo á licitación, obsérvase que se fórmula nos termos nos que os licitadores realizan a súa oferta non resultando imputable a estes dita disparidade.

A mesa, a vista do establecido no PCAP, logo das correspondentes deliberacións, vista dita incidencia e que a mesma carece de repercusión na licitación , acorda non valorar a formulación de melloras, se ben si que se exixirá a súa execución por parte da mercantil que resulte adxudicataria, nos termos nos que se formulou xa que o mesmo PCAP establece “....No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que non fosen determinantes ou valorables para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual”.

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)	TOTAL
		PREZO (60)		MELLORAS (...) (10) PCAP: CUNETA		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA	
		OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	OFERTA: PAVI E SINA		SI /NO		MAXIMO 2% V.E.	5.476,73 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
				UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS	
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS - ACOVAL SA	315.437,84 €	60,00	10,00	----	NO	0,00	100,00	0,82	15,00	75,82
2	HORDESCÓN SL	327.432,44 €	14,75	6,00	----	SI	5,00	466,00	3,84	12,50	36,09
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	330.083,17 €	4,75	10,00	----	SI	5,00	606,61	5,00	12,50	27,25

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS				OFERTA
				Oferta
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS - ACOVAL SA			315.437,84 €
2	HORDESCÓN SL			327.432,44 €
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL			330.083,17 €

MEDIA
324.317,82

BAIXA DESPROPORCIONADA
291.886,04

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

A. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS - ACOVAL SA	75,82
2	HORDESCÓN SL	36,09
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	27,25

B. Requerir á mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos



establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 13.034,62 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 17/03/2023, con CSV: IV7BGTJDJAHPLL4M4LXMCPY74M, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 20/03/2023, rematando o prazo de presentación o día 03/04/2023. A mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA, presentou a documentación requirida o 03/04/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe 14/04/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA con C.I.F. A-32008039 representada por D. Rafael Rodríguez González con DNI ****4068**, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175. (2022/CON_02/000088), nos termos seguintes:

Prezo de 315.437,84 €, dos cales 54.745,41€ corresponden ao IVE (21%).

Melloras de obra consistentes en 10 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.

Prazo de execución previsto nos pregos (2 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (2 semanas), o que resulta 1 mes e 2 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.



Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA con C.I.F. A-32008039 representada por D. Rafael Rodríguez González con DNI ***4068**, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 A 3+175. (2022/CON_02/000088), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 315.437,84 €, dos cales 54.745,41€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en 10 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución previsto nos pregos (2 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (2 semanas), o que resulta 1 mes e 2 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro atención a maiores.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- Construción centro atención a maiores, consta no mesmo:

1. Convenio interadministrativo de cooperación (e addendas) entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón, sendo última a addenda 4, aprobada polo pleno en data 28/03/2023 e asinada o 13/04/2023 e da que trae causa esta licitación.

2. Proxecto da obra indicada, POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro atención a maiores, redactado pola Arquitecta D. Mónica Marras Mosquera.

3. Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 05/04/2023, con CSV: IV7OUIHZHVX4575L4AMF77QBGM.

4. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OXSTP3I5TRH43ADWG7YL7K4.



5. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7OUEPOFMVOXPMLWUNT75CE5Y.

6. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7OXX7KND5IX2EDTREQE5IBO4.

7. Licenza de obra outorgada polo Concello de Pobra do Brollón e pago da mesma.

8. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OUGT7HEM4UXZ4CY7SK7YTI4.

9. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7OXXZ5FL773O7Z2ZHEA4QTI4.

10. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7OXUCCFZROSSNNC3XQNYLQGU.

11. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro atención a maiores, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 2.472.861,77 €, dos cales 224.805,62 € corresponden ao IVE (10%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2023	2315.622/55	1.747.348,56€	22023/7070
2024		362.756,61€	220239/113
2025		362.756,60€	220239/113
TOTAL		2.472.861,77€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2024 e 2025 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	68	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN FERREIROS DE ABAIXO, FERREIROS DE ARRIBA E ACCESO A VILAR	1.552,09€	29.694,08€	31.246,17€

4. O concello achegou os correspondentes anexos III de adxudicación das obras.

5. A Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel a través de escrito de data 12/04/2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 68, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... resultou profundamente afectado tralos incendios forestais, desaconsellándose levar a cabo as obras de pavimentación”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	68	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN FERREIROS DE ABAIXO, FERREIROS DE ARRIBA.	1.552,09€	29.694,08€	31.246,17€

6. A base 16, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe

favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Folgoso do Courel que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	68	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN FERREIROS DE ABAIXO, FERREIROS DE ARRIBA.	1.552,09€	29.694,08€	31.246,17€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NO PLAN ÚNICO 2022.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Cervo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 53 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (53) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



4. O Concello de Cervo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CERVO	53	PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS EN AS LAXES, O BIDUEIRO, E A ESTRADA DE VILAR (SARGADELOS), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	18.634,01€

5. Por escrito de data 05/04/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
CERVO	REM	MELLORA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTO ENTRE O LUGAR DE A PENIA E A CHOUZA DA FONTE EN SAN ROMÁN DE VILAESTROFE	1531.76201	8.511,14€	18.634,01€	27.145,15€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Cervo, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cervo e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CERVO	REM	MELLORA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTO ENTRE O LUGAR DE A PENA E A CHOUZA DA FONTE EN SAN ROMÁN DE VILAESTROFE	1531.76201	8.511,14€	18.634,01€	27.145,15€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Paradela, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 175-176 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

Informe en relación co escrito do Concello de Paradela solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos Nº 175-176 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Paradela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (175-176) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Paradela presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PARADELA	175	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS DE SAN CRISTOVO A CASTRELO	1531.76201	6.768,40€
PARADELA	176	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS MOIMENTOS- A LAXE, VEIGA, CASTRO DE BARÁN E ABELLEIROA	1531.76201	10.302,81€

5. Por escrito de data 13/04/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CAMIÑO QUE PARTE DA LU-633 EN CASTRO DE BARÁN E REMANTA NO CRUCEIRO DE FERREIROS	1531.76201	--	17.071,21€	17.071,21€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Paradelas, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Paradelas e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
PARADELA	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CAMIÑO QUE PARTE DA LU-633 EN CASTRO DE BARÁN E REMANTA NO CRUCEIRO DE FERREIROS	1531.76201	--	17.071,21€	17.071,21€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación plurianual entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no “Proxecto de pavimentación e servizos da rúa do Porto de Celeiro” anos 2023 e 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Viveiro (EXP- 2023/PES_03/004540) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Proxecto de pavimentación e servizos da rúa do Porto de Celeiro” anos 2023 e 2024, por importe total de 680.704,78 € a financiar:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
Ano 2023: 272.281,91 €	Ano 2023: 0,00 €
Ano 2024: 272.281,91 €	Ano 2024: 136.140,96 €
TOTAL: 680.704,78€	

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”



A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.



Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da



Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Viveiro ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2. d da LRBRL, na seguinte materia: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 272.281,91€, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 272.281,91 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento



queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excmá. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Proxecto de pavimentación e servizos da rúa do Porto de Celeiro” anos 2023 e 2024 por importe total de 680.704,78€ cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación plurianual entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no “Proxecto de pavimentación e servizos da rúa do Porto de Celeiro” anos 2023 e 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona María Loureiro García, alcaldesa do Concello de Viveiro, con N.I.F P-2706700H e sede na Praza Maior 19-20, 27850, Viveiro, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:



“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...).

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...).

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da



LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e

autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación



poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
"PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA RÚA DO PORTO DE CELEIRO" ANOS 2023 E 2024	680.704,78 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
Ano 2023: 272.281,91 €	Ano 2023: 0,00 €
Ano 2024: 272.281,91 €	Ano 2024: 136.140,96 €
TOTAL: 680.704,78 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Viveiro.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta.

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

4. Autorizar a execución do obxecto do convenio nos terreos de titularidade da Deputación.

3.2. O Concello de Viveiro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o importe previsto na cláusula cuarta e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.



2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarias para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 272.281,91 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 272.281,91€ tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O financiamento da Deputación queda condicionado a que consten todas as autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

2.- Achea do Concello.

O Concello de Viveiro aportará para a execución do convenio o importe de 136.140,96 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Viveiro.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Viveiro aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 2 de novembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

a) Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

b) Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.



c) Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

a) Acta de recepción.

b) Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

c) Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

d) Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

f) Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

g) Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.



Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o



desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

A ALCALDESA DO CONCELLO DE VIVEIRO
Asinado: María Loureiro García

O SECRETARIO XERAL,
Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 544.563,82 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, dos que 272.281,91 € son financiados con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral do ano 2023.

3º.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 272.281,91 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4º.- O financiamento da Deputación queda condicionado a que consten todas autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol ” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Pol (EXP- 2023/PES_03/007413) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55 € (dos que 126.246,84 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 31.561,71 € serán financiados polo Concello de Pol), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.



Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que:

“non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da



mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a

realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do



15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusións.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida

nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Pol ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2 da LRBRL, nas seguintes materias: en materia de Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e en materia de abastecemento de auga potable a domicilio.

Así mesmo, con independencia das competencias que naquela materia lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 126.246,84 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm.

202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55€ cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol ” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, que actúa en nome e representación do Concello de Pol, con N.I.F P-2704600B, con sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.



Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.



Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é:

“a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor



da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de

colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
ABASTECIMIENTO DE AUGA A EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E DISTINTOS BARRIOS DO CONCELLO DE POL, MELLORA DE ACCESOS A HERMUNDE INSTALACIÓN DE VIDEOMARCADOR EN CAMPO DE FÚTBOL	157.808,55 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
126.246,84 €	31.561,71 €
TOTAL: 157.808,55 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.



Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Pol.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

A. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (126.246,84 €).

B. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

C. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Pol.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pol , comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 31.561,71€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de decembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non

imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 126.246,84 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello.

O Concello de Pol aportará para a execución do convenio o financiamento de 31.561,71 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Pol.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que



convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que

este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE POL
Asinado: Lino Rodríguez Ónega

O SECRETARIO XERAL,
Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 126.246,84 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no “Equipamento do local multiusos Ponte de Cuñas” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Lourenzá (EXP- 2023/PES_03/006758) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Equipamento do local multiusos Ponte de Cuñas” ano 2023 por importe total de 50.000,00 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.



Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que

poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na



súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade

orxamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orxamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.



Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Lóurenzá ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2. da LRBRL, nas seguintes materias: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e promoción da cultura e equipamentos culturais.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola



Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.-Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 50.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59 apartado 8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Equipamento do local multiusos Ponte de Cuñas” ano 2023, por importe total de 50.000,00 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no “Equipamento do local multiusos Ponte de Cuñas” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Rocio López García, alcaldesa do Concello de Lourenzá, con N.I.F P-2702700B e sede na prazo Conde Santo, 27760 Lourenzá, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.



Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade

orxamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as

asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo,



de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Equipamento do Local Multiusus Ponte de Cuñas	50.000,00 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
50.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 50.000,00 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lourenzá.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:



Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (50.000,00€).

Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Lourenzá.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lourenzá, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio, o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de decembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello.

O Concello de Lourenzá aportará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Lourenzá.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Lourenzá aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:



Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción da subministración, expedida polo facultativo designado polo Concello de Lourenzá.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de



cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de

2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de



poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

A ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ
Asinado: Rocío López García

O SECRETARIO XERAL,
José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 50.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, de convenio interadministrativo a subscribir co Concello de A Pastoriza.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta das obras de “Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural; e do gasto, por importe de 48.994,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.

Dona Elva Carrera González, con DNI nº: ****8984**, en nome e representación do Concello de A Pastoriza, con NIF: P2704400G, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 9 de marzo de 2023 (RE nº 2023RT003391), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta das obras de “Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).



Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pastoriza configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

III. Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.

Pola súa banda, o Municipio de A Pastoriza ostenta competencias propias, entre outras, en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido na letra d) do artigo 25.2 da LRBRL.

Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de alumeado público, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 51.444,22 € (IVE incluído), que se financiarán do xeito seguinte:

Deputación Provincial de Lugo: 48.994,50 €

Concello de A Pastoriza: 2.449,72 €

V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de A Pastoriza, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Presidencia:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta das obras de “Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural, por importe total de 51.444,22 €, dos que 48.994,50 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 2.449,72 € a cargo do Concello de A Pastoriza.

2. O gasto, por importe de 48.994,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio”



No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 18 de abril de 2023.

Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta das obras de “Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, dona Elva Carrera González, con DNI nº: ****8984**, tenente de alcalde do Concello de A Pastoriza, con NIF: P2704400G, e sede social na Praza de Galicia, 1, de A Pastoriza, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL, en relación cos artigos 21.3 e 23.4 da mesma Lei.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A agricultura e a gandería son sectores estratéxicos da economía da Provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.

No ámbito rural, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo, contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

En particular, a infraestrutura viaria rural facilita a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, o seu bo estado contribúe ao aumento da competitividade agrícola e gandeira. E, como toda infraestrutura, precisa das labores que lle permitan poder seguir cumprindo coas súas funcións.



O Municipio de A Pastoriza ten un carácter eminentemente rural, sendo o motor da súa economía o sector primario. Este sector depende, en gran medida, entre outros factores, dunha infraestrutura viaria nas mellores condicións, que permita o aumento da competitividade agraria e forestal, e, así mesmo, a citada vertebración do territorio.

A actuación proxectada polo Concello de A Pastoriza consiste na pavimentación do acceso a unha zona agrogandeira situada na parroquia de Gueimonde, que presenta un mal estado de conservación que fai necesaria a súa rehabilitación, xa que da acceso a numerosas explotacións agrarias, así como a fincas incluídas en concentración parcelaria, co conseguinte tráfico de vehículos pesados dedicados a labores agrícolas e gandeiras.

Segundo.- A rehabilitación das vías de titularidade municipal correspóndelle aos municipios, en virtude da competencia propia atribuída a estes polo artigo 25.2.d) da LRBRL.

Asemade, o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas constitúe un servizo mínimo obrigatorio que todos os municipios deben prestar, a tenor do disposto no artigo 26.1.a) da mesma LRBRL.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de A Pastoriza, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a

través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada pola representante do Concello de A Pastoriza configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das obras proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Por todo elo, podemos concluír que as obras proxectadas polo Concello de A Pastoriza, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, son obras de interese público, que xustifican a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación formulada pola súa representante.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que unha axeitada infraestrutura viaria contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, garantindo, ademais, que a vida nos núcleos rurais sexa igual de satisfactoria que a vida nos núcleos máis urbanos.



Por maior abastanza, no caso que nos ocupa, resulta de aplicación o disposto no artigo 30 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, que establece a obriga da Deputación de cooperar á efectividade dos servizos municipais, a través de, entre outros, os medios económicos propios da mesma.

Os servizos aos que debe alcanzar a dita cooperación serán, consonte ao dito artigo, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da LRBRL, entre os que se atopa a pavimentación das vías públicas.

Pola súa banda, o Municipio de A Pastoriza, consonte ao artigo 25.2.d) da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Asemade, con independencia das competencias que naquela materia lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o citado artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Polo tanto, o Municipio de A Pastoriza queda lexitimado para, a través do seu Concello, formalizar a relación de cooperación suscitada, asinando o corresponde convenio.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes.

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, co obxecto de

colaborar na realización conxunta das obras de “Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Asemade, constitúen o obxecto deste convenio os honorarios de asistencia técnica ao Concello de A Pastoriza para a execución das obras referidas no parágrafo anterior.

Para a realización das ditas obras e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar as obras e gastos seguintes, segundo a estimación que se reflicte na solicitude e no proxecto presentado pola representante do Concello de A Pastoriza:

GASTOS	
Concepto	Custo
Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde	48.394,16 €
Honorarios asistencia técnica	3.050,06 €
TOTAL GASTOS	51.444,22 €

Tal e como se reflicte no dito proxecto, o Concello de A Pastoriza dispón dos terreos, bens, permisos e dereitos necesarios para a execución das obras.

O custo total derivado da execución das ditas obras, financiaranse segundo se reflicte na seguinte táboa:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Custo	Entidade	Importe
- Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde - Honorarios asistencia técnica	48.394,16 €	Deputación Provincial de Lugo	48.994,50 €
	3.050,06 €	Concello de A Pastoriza	2.449,72 €
TOTAL GASTOS	51.444,22 €	TOTAL INGRESOS	51.444,22 €

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente a parroquia de Gueimonde, no termo municipal de A Pastoriza.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.



Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 48.994,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, poderá reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de A Pastoriza.

Se a diminución dos custos de execución do obxecto do convenio fora superior á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de A Pastoriza, segundo o disposto no parágrafo anterior, poderá reducir tamén a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución de outras actuacións, que deberán ter a mesma finalidade e respecto das que deberá achegarse o correspondente proxecto.

B. Do Concello de A Pastoriza.

1) Obter os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso, para a execución das obras, incluíndo o seu aseguramento.

2) Licitat a execución de aquelas con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade de 2.449,72 €; así como o importe que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.

4) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

5) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

6) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 48.994,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de A Pastoriza poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de A Pastoriza.

O Concello de A Pastoriza achegará a cantidade de 2.449,72 €.

Tamén asumirá, de ser preciso, o importe que que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido coa sinatura deste convenio e a súa axeitada execución.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de A Pastoriza será titular do resultado da cooperación: Pavimentación do acceso á zona agrogandeira da parroquia de Gueimonde, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2024, a representante do Concello de A Pastoriza presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción das obras, expedida polo facultativo designado polo Concello de A Pastoriza, ou certificación, expedida polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen



corresponda recibilas ou aceptalas, na que se expresará terse executado as obras con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con elas, foran previamente establecidas.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.

Declaración responsable, emitida pola representante do Concello de A Pastoriza:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante a sinatura polas partes da correspondente addenda, poderá realizarse por mutuo acordo delas, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- (...).
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:



a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financiera do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control do mesmo, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de A Pastoriza incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de A Pastoriza deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de A Pastoriza comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos



Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexeráse pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

O presidente da Deputación de Lugo
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada da Área de MedioRural e do Mar, Mocidade
Mónica Freire Rancaño

A tenente de alcalde do Concello de A Pastoriza

Elva Carrera González

O secretario xeral da
Deputación de Lugo
José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 48.994,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Actividades culturais 2023”*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:



“En relación co escrito, presentado por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, con DNI: 32773589S, en nome e representación do Concello de Lugo, con NIF: P2702800J, con data 01/03/2023 e RE, nº: 2023RT002908 (Expediente 2023/PES_03/003965), e modificado posteriormente en data 09/03/2023 por reformulación do orzamento, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da organización de “Actividades Culturais 2023”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2023” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2023”, que constitúe un programa de actividades de balde baseado na animación de rúa e música de diferentes xéneros e estilos, así como na celebración de festivais e mostras de teatro, maxia, pintura e arte urbana tanto para público adulto como infantil, que enchen diversos espazos da cidade de Lugo.

En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que estas actividades se enmarcan na programación cultural anual que desenvolve o Concello de Lugo, e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, así como noutras artes como son o teatro, a pintura, a danza ou a maxia, polo que contribúe a poñer en valor os nosos artistas e nosa música tradicional, ademais de constituír un foco de atracción de centos de visitantes á cidade.

En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia na cidade de Lugo, tendo en conta que estas actividades culturais gozan de gran recoñecemento nos circuitos culturais nacionais, pois moitas delas son actividades xa consolidadas no tempo e atraen a lucenses e visitantes amantes de todos estes tipos de arte.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste



ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 325.958,49€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 17.155,71€; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2023”

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º. Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2023” por importe total de 343.114,20 €.

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Actividades culturais 2023”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases



de réxime local e, no seu nome, Efrén Castro Caloto, deputado delegada de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude de Resolución de data 14 de abril de 2023.

E doutra, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón con DNI: ****7358**, Tenenta Alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, con NIF: P-P2702800J e sede en Praza Maior s/n, CP 27001 Lugo, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementábase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica.

Segundo.- As Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas o máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada pola representante do Concello de Lugo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118. letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)



A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “actividades culturais 2023”, que beneficia ao Concello de Lugo, xunto co territorio provincial.

O propio artigo 57.3 da LRBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da

Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público(en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada



LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- O Concello de Lugo, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución das “Actividades Culturais 2023”, que conforman unha serie de manifestacións culturais relacionadas cos ámbitos da maxia, do teatro, da música, da pintura ou da poesía, do seguinte teor:

ACTIVIDADE	IMPORTE
LUGOMÁXICO	48.300,00€
MURALLEANDO	48.000,00€
MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO	77.699,20€
FESTIVAL DE MÚSICA: LUGO MUSIC FESTIVAL	15.000,00€
FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA CIDADE DE LUGO	73.315,00€
CULTURBÁN	30.900,00€
VAIA VAIA	14.900,00€
TARDE E TARDIÑA	20.000,00€
O QUE QUEDA DE VERÁN	15.000,00€
TOTAL	343.114,20€

Estas actividades culturais obxecto de financiamento, poden ser susceptibles de modificación por mor de cambios na programación por parte do Concello de Lugo, derivados de circunstancias sobrevenidas.

No caso de que, durante a organización da programación destas actividades culturais, se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre sí os distintos importes.

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	325.958,49 €	17.155,71 €	343.114,20 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.



Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente ao termo municipal de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Da Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (325.958,49€).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e /ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Lugo, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutras actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese do cumprimento das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado para levar a cabo a actuación coa que esta entidade colabora no marco dos gastos derivados da organización e execución das “Actividades Culturais 2023”, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

3.2. Do Concello de Lugo.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 17.155,71€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Executar o proxecto/actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, especialmente na aplicación da Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias. Realizará o conxunto de actuacións necesarias para a súa efectiva materialización e realización no ano 2023.

9. Aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.

10. Cesión dos espazos de titularidade municipal para a realización das actividades.

11. Asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría que puideran derivar da celebración das actividades indicadas.

12. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1. Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 325.958,49 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

2. Achega do Concello.



O Concello de Lugo aportará para a execución do convenio o financiamento de 17.155,71€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

A titularidade dos resultados será compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Lugo, aos límites da comarca e, en xeral, a toda a provincia.

Xustificación da achega económica.

O Concello de Lugo, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Lugo non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade da actuación e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do



documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima .- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Lugo incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Lugo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non



este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condición (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía únicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 14/04/23
DEPUTADO DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO
E MEMORIA HISTÓRICA,
Asdo.: Efrén Castro Caloto

A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA
DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA
LINGUA DO CONCELLO DE LUGO
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O SECRETARIO XERAL
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto de 325.958,49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Lugo, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2023”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa á aprobación da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte para a cesión por parte da Deputación do su medio propio Empresa de Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/007705) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,



Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 8 de abril de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1.- Determinar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de marzo de 2022, para a realización por parte de TRAGSA ou da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC), como medios propios da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

2.- Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais que se adxunta ao expediente”.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao concello de monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais formalizouse o 21 de abril de 2022.

Terceiro.- O alcalde do Concello de Monforte remitiu, o 18 de abril de 2023 (2023RT006522) certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 17 de abril de 2023 no que se acorda “solicitar a sinatura de convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte

para a achega do medio propio “TRAGSA” para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasio e pistas de tenis municipais.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Cláusula terceira.- Duración da cesión do medio propio e vixencia do convenio interadministrativo.

“A cesión por parte da Deputación de Lugo do seu medio propio, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasio e pistas de tenis municipais realízase polo período dun ano a contar dende a formalización do respectivo encargo, que non poderá formalizarse antes do 26 de abril de 2022.

A vixencia do presente convenio é de catro anos a contar dende a súa formalización, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. E en todo caso a vixencia do mesmo concluirá coa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto”.

Cláusula cuarta.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusións.



Tendo en conta que o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais está vixente, a solicitude remitida dende o concello de Monforte de Lemos debe enfocarse como unha modificación do citado convenio e non como a solicitude de formalización dun novo convenio.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), que no convenio se prevé a súa modificación a través dunha addenda e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación da cláusula terceira nos termos da addenda que se incorpora ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia,”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais, formalizado o 21 de xuño de 2022 que se expón a continuación

Modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte para a cesión por parte da Deputación do su medio propio Empresa de Transformacion Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

Reunidos.

Dunha parte, D. José Tome Roca, en calidade de Presidente, en nome e representación da Deputación Provincial de Lugo, con facultades bastantes para o presente acto en virtude do seu cargo, de acordo co artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E, doutra parte, D^a. Gloria María Prada Rodríguez, con DNI ***5676**, en calidade de Primeira Tenente Alcalde, do Concello de Monforte, que actúa en nome e representación do mesmo, de conformidade co que dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; os artigos 21 e 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes, na calidade na que interveñen, recoñécense capacidade xurídica suficiente para a subscripción do presente Convenio de cooperación e, para ese efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 8 de abril de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1.- Determinar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de marzo de 2022, para a realización por parte de TRAGSA ou da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios , S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC), como medios propios da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao



Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais.

2.- Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais que se adxunta ao expediente”.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (Tragsa) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais formalizouse o 21 de abril de 2022.

Terceiro.- O alcalde do concello de Monforte remitiu, o 18 de abril de 2023 (2023RT006522) certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 17 de abril de 2023 no que se acorda “solicitar a sinatura de convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte para a achega do medio propio “TRAGSA” para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasio e pistas de tenis municipais.”

Cuarto.- Tendo en conta que o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a cesión por parte da Deputación do seu medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasia e pistas de tenis municipais está vixente, a solicitude remitida dende o concello de Monforte de Lemos debe enfocarse como unha modificación do citado convenio e non como a solicitude de formalización dun novo convenio.

En base ao exposto, ambas as partes acordan subscribir a presente modificación que se rexerá polas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as seguintes cláusulas:

A cláusula terceira. Duración da cesión do medio propio e vixencia do convenio interadministrativo.

A cal quedaría redactada no seguinte senso:

“Terceira.- Cesión do medio propio e vixencia do convenio interadministrativo.

A cesión por parte da Deputación de Lugo do seu medio propio, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) ao concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, ximnasio e pistas de tenis municipais non poderá formalizarse, a través do respectivo encargo, antes do 26 de abril de 2022.

A vixencia do presente convenio é de catro anos a contar dende a súa formalización, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. E en todo caso a vixencia do mesmo concluirá coa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 21 de abril de 2022, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente modificación do que como secretario que dou fe.



O Presidente
Asinado. José Tomé Rocas

A primeira tenente alcalde do Concello de Monforte de Lemos
Asinado. Gloria María Prada Rodríguez

O Secretario Xeral
Asinado. José Antonio Mourelle Cillero

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DE ERRO DETECTADO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, DE DATA 14 DE ABRIL DE 2023, POLO QUE SE APROBA O GASTO E O CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN PARA COOPERAR NO “FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA” ANO 2023, 2024, 2025, E 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da sección de fomento do servizo de contratación e fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Rectificación de erro no acordo da Xunta de Goberno de data 14 de abril de 2023 polo que se aproba o gasto e o convenio interadministrativo de cooperación plurianual entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar no “Funcionamento do Centro de día” ano 2023, 2024, 2025, e 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP: 2023/PES_03/004873) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe;

Antecedentes de feito.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 14 de abril de 2023, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“(…)

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Funcionamento do Centro de día” ano 2023, 2024, 2025, e 2026 por importe total de 520.000,00 € cuxo contido é o seguinte:

(…)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 180.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos da anualidade do 2023 que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

Terceiro.- A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 40.000,00 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2024), no orzamento do ano 2025 a cantidade de 40.000,00 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2025) e no orzamento do ano 2026 a cantidade de 40.000,00 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2026) tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.



Segunda.- Resultando que para proceder a aplicar o mecanismo de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran en esencia unha serie de circunstancias a saber: que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, transcripcións de documentos, que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo, que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (STS 18 de xuño de 2001).

Terceira.- Tendo en conta que a competencia para decidir acerca da nulidade ou anulación se atribúe unicamente ao órgano superior da Entidade, a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno), argumentación neste senso da STS do 30 de setembro de 1986.

Conclusiones.

Por todo o exposto infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte a corrección do erro detectado no acordo de data 14 de abril de 2023, no seguinte senso:

Onde consta;

“Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 180.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio. (...).”

Debe constar;

“Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 160.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio. (...).”

Propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Rectificar o erro material detectado na proposta do acordo da Xunta de Goberno, de data 14 de abril de 2013, no seguinte senso:

Onde consta;

“Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 180.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio. (...).”

Debe constar;

“Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 160.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio. (...).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do



Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022, recollido na liña 8.1 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

Terceiro.- Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica.

Bases publicadas no BOP de Lugo nº 222 do 27 de setembro de 2022.

Segundo.- Por resolución presidencial, de data 30 de xaneiro de 2023 aprobouse a composición da Comisión de Avaliación.

Terceiro.- A comisión de Avaliación reunida o día 3 de febreiro de 2023, acordou a realización dun contrato de servizos para a avaliación das 127 solicitudes admitidas. Así como nomear ao enxeñeiro técnico agrícola do servizo de cooperación e proxectos como responsable da supervisión dos referidos traballos.

Cuarto.- Por resolución presidencial, de data 13 de febreiro de 2023, adxudicouse a execución relativa á “Realización de informe para a valoración das solicitudes presentadas no marco do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, para o ano 2022, á empresa Abante Arquitectura, S.L.P.

Quinto.- O representante de Abante Arquitectura S. L.P, remitiu o 13 de abril de 2023 o informe de valoración onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na base 10 das bases da convocatoria).

Sexto.- A comisión de Avaliación, reunida o dezoito de abril de 2023, tralo estudo e análises do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P., así como o informe emitido

polo enxeñeiro técnico agrícola do Servizo de Cooperación e Proxectos, responsable da supervisión dos referidos traballos, acordou por unanimidade dos integrantes da mesma, facer como propios os informes de valoración de data 13 de abril de 2023.

Sétimo.- Os resultados da devandita baremación recóllense no anexo I deste informe.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- Na base 9 -avaliación das solicitudes- da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022 establécese que:

“A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados de ser o caso remitíranse á Comisión de Valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.



Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos”.

Segunda.- Os criterios de valoración e puntuación das solicitudes veñen expresamente recollidos na Base 10 das bases da convocatoria.

Terceira.- Así mesmo, na Base 12 Acordos de Resolución e Notificacións - Acordo de resolución provisional: da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022 dispónse que:

“O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Cuarta.- No artigo 5 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións (de carácter básico) recóllese expresamente que:

“1. As subvencións se rexerán, nos termos establecidos no artigo 3, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se aplicarán as normas de dereito privado. (...)”

Por todo o exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da proposta de resolución provisional motivada á Xunta de Goberno segundo as especificacións que constan na listaxe anexa á acta da Comisión de avaliación de data 18 de abril de 2023, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes, en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria. O importe total das subvencións concedidas ascende a 298.993,37 €.

2º.- A publicación do acordo de resolución provisional no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP, coa indicación que de non presentarse alegacións o acordo de resolución pasará a ter carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD 3 PRAZAS DE AUXILIAR A.X, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C- SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DEL LUGO (1 COTA XERAL E 2 COTA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN,



CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2019 E 2021.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoca a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas oferta de emprego público, acceso libre (cota xeral ou cota discapacitados) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, (3) prazas de Auxiliar A.X, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario (1 cota xeral e 2 cota de reserva para persoas con capacidades diferentes), correspondentes as Ofertas de Emprego Público para os anos 2019 e 2021 fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 134, do 13 de xuño de 2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador, que para cumprimento da base 9.3 que literalmente sinala: “No suposto de que existan prazas reservadas a cota de discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con discapacidade, estas acumularanse ao sistema de acceso xeral (...)”, ao non haber aspirantes da cota de reserva de persoas con capacidades diferentes que superaran o proceso selectivo, acumula as dúas prazas reservadas a esta cota á cota xeral.

Acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10.1, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona Beatriz Valle Vara, para ocupar a praza número 955, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicandolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1635.

Dona María de los Ángeles Álvarez Díaz, para ocupar a praza número 778, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, adxudicandolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1143.

Dona María Brandariz Seoane, para ocupar a praza número 978, denominada Auxiliar A.X, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicandolle o posto de traballo denominado Auxiliar A.X entrada número 1722.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD 1 PRAZA DE ATS, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS, GRUPO A- SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DEL LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoca a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas



oferta de emprego público, acceso libre (cota xeral ou cota discapacitados) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de ATS da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos/as medios/as, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 145, do 27 de xuño de 2022, corrección erros bases específicas BOP núm. 204, do 06 de setembro de 2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10.1, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona María José Ferreiro López, para ocupar a praza número 423, denominada ATS, escala administración especial, subescala técnica, técnicos/as medios/as, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021, adxudicándolle o posto de traballo denominado ATS entrada número 1760, adscrito ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO XEFE DE SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Antonio Mondelo Rodríguez, nacido o 19 e xullo de 1958, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de “Xefe/a Servizo II Expropiacións e Control Proxectos, presentou escrito o pasado 20 de marzo de 2023, conformado polo Sr. Presidente desta Entidade, D. José Tomé Roca, no que se propón, á vista das necesidades do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano máis.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os



intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade.

c) Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

d) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

e) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, ademais das tarefas habituais de xestión ordinaria, se describen un conxunto de tarefas específicas que é necesario acometer, e que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e



adquisición de experiencia. Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2021 a 30 de novembro do 2022) ten acadado unha valoración de Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira, D. José Antonio Mondelo Rodríguez de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, dende o 20 de xullo de 2023 ata o 19 de xullo de 2024, por ser esa a data na que se agarda ter paliado as necesidades que motivan a decisión.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 331/2022/A.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación

co Procedemento Abreviado 331/2022/A seguido a instancia de Sindicato Nacional de CCOO de Galicia fronte á Deputación no que se impugna a “Resolución da Presidencia de 16 de agosto de 2022 que acorda desestimar o recurso de reposición desta parte contra a resolución de 20 de xuño de 2022, polo que modifican os horarios de traballo nos Museos Provinciais (Museo de Lugo, Museo Pazo de Tor, Museo de San Paio de Narla e Museo do Mar)...”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.